

02Docencia e Estudos

No curso 2009-2010 implantáronse 24 novos graos, que se suman aos dous graos (Socioloxía e Terapia Ocupacional) que xa se implantaran o ano anterior. Con estes 26 graos a Universidade da Coruña completou a adaptación dos títulos existentes nas diferentes ramas de coñecemento (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde e Ciencias Sociais e Xurídicas). Queda pendente a transformación da maioría dos títulos da rama de Arquitectura e Enxeñaría.

Na rama de Arquitectura e Enxeñaría a transformación estivo suxeita á publicación das ordes ministeriais polas que se debe rexir a elaboración dos correspondentes graos e mestrados, que non se produciu ata xaneiro de 2009. Desde esa data, os centros estiveron a traballar na elaboración dos graos que se implantarán en 2010-2011, curso en que xa non se lle poderán ofertar ao novo alumnado as titulacións antigas: diplomaturas, licenciaturas, arquitectura técnica, enxeñaría técnica, arquitectura ou enxeñarías superiores.

En total son doce os títulos que faltan por implantar e cuxas memorias están unicamente pendentes de verificación.

Con estas transformacións remata a adaptación das titulacións existentes na UDC ao Espazo Europeo de Educación Superior. Cómpre salientar o bo ritmo con

que a nosa universidade levou a cabo este proceso de adaptación da súa oferta académica aos requisitos do novo marco, así como o rigor e a responsabilidade con que os centros enfrontaron este reto.

Neste sentido cómpre agradecerlle aos equipos directivos das facultades e das escolas, e á comunidade universitaria no seu conxunto, o seu esforzo por converter este proceso, sobre o que se observan múltiples incógnitas, nunha oportunidade para deseñar os novos títulos con criterios de maior racionalidade académica, incluíndo prácticas en empresas e institucións, apostando por modificar a metodoloxía de ensino-aprendizaxe e axustándose a criterios e indicadores de calidade de maior esixencia. Uns criterios, ademais, sobre os que se deberán render contas de xeito periódico.

En relación cos mestrados, no curso 2009-2010 implantáronse oito novos e modificáronse algúns dos existentes. É o caso do mestrado en Xestión e Políticas Públicas, que pasa a ser de 60 ECTS, ou do mestrado en Informática e do mestrado en Enxeñaría Naval e Oceánica, que pasan a denominarse máster en Enxeñaría dos Sistemas Informáticos e máster en Investigación en Tecnoloxías Navais e Oceánicas, respectivamente.

Estes másters véñense sumar á ampla e variada oferta que neste tipo de estudos se está a desenvolver na

Universidade da Coruña. Estes títulos proporcionan unha formación especializada para os graduados dos distintos centros e dan acceso ao doutoramento.

Coas novas iniciativas a oferta total da UDC sitúase en 40 mestrados que abranguen os cinco ámbitos do coñecemento. Cabe destacar a aprobación e implantación do Máster Universitario en Profesorado

de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas que, polo seu carácter obrigatorio para acceder á función pública no ámbito docente, era necesario ofertarlle-lo aos nosos egresados. A UDC fixo un gran esforzo para poñer a punto este mestrado, dados os prazos, as condicións e as incertezas que arrodearon a implantación deste título.

Estudos de 1.º e 2.º ciclo

Facultade	Título
Facultade de Ciencias	Licenciatura en Bioloxía* Licenciatura en Química*
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Licenciatura en Economía* Licenciatura en Admón. e Direc. de Empresas*
Facultade de Dereito	Licenciatura en Dereito* Licenciatura en Dereito e Admón. e Direc. de Empresas (dobre titulación)*
Facultade de Filoloxía	Licenciatura en Filoloxía Inglesa * Licenciatura en Filoloxía Hispánica * Licenciatura en Filoloxía Galega *
Facultade de Informática	Enxeñaría en Informática Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas
Facultade de Socioloxía	Licenciatura en Socioloxía *
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte *
ETS de Arquitectura	Arquitectura
ETS de Náutica e Máquinas	Licenciatura en Máquinas Navais Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo Diplomatura en Máquinas Navais Diplomatura en Navegación Marítima
ETS de Camiños, Canais e Portos	Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos Enx. Téc. Obras Públicas. Esp. Construcións Cívicas

Cadro 2 Titulacións oficiais de 1.º e 2.º ciclo. Campus da Coruña (segue)

Facultade	Título
Facultade de Ciencias da Comunicación	Licenciatura en Comunicación Audiovisual (só 2º ciclo) *
EU de Estudos Empresariais	Diplomatura en Ciencias Empresariais *
EU de Fisioterapia	Diplomatura en Fisioterapia*
Facultade de Ciencias da Educación	Mestre/a – Especialidade Educación Infantil*
	Mestre/a – Especialidade Educación Primaria*
	Mestre/a – Especialidade Educación Física*
	Mestre/a – Especialidade Audición e Linguaxe*
	Diplomatura en Educación Social*
	Diplomatura en Logopedia*
	Licenciatura en Psicopedagogía (só 2º ciclo)*
Facultade de Ciencias da Saúde	Diplomatura en Terapia Ocupacional*
EU de Arquitectura Técnica	Arquitectura Técnica*

* Titulacións en extinción, substituídas polos novos graos

Cadro 2 (continuación) Titulacións oficiais de 1.º e 2.º ciclo. Campus da Coruña

Facultade	Título
Facultade de Humanidades	Licenciatura en Humanidades*
	Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación*
	Licenciatura en Documentación (só 2º ciclo)*
Escola Politécnica Superior	Enxeñaría Naval e Oceánica
	Enxeñaría Industrial
EU de Enfermaría e Podoloxía	Diplomatura en Enfermaría*
	Diplomatura en Podoloxía*
EU de Relacións Laborais	Diplomatura en Relacións Laborais*
EU Politécnica	Enx. Técnica Naval – Esp. Estruturas Mariñas
	Enx. Técnica Naval - Esp. Propulsión e Servizos do Buque
	Enx. Técnica Industrial – Esp. Electricidade
	Enx. Técnica Industrial – Esp. Electrónica Industrial
EU de Deseño Industrial	Enxeñaría Técnica en Deseño Industrial*

* Titulacións en extinción, substituídas polos novos graos

Cadro 3 Titulacións oficiais de 1.º e 2.º ciclo. Campus de Ferrol

Facultade	Título
EU de Relacións Laborais da Coruña	Diplomatura en Relacións Laborais*
EU de Enfermaría da Coruña	Diplomatura en Enfermaría *
EU de Turismo	Diplomatura en Turismo*

* Titulacións en extinción, substituídas polos novos graos

Cadro 4 Titulacións oficiais de 1.º e 2.º ciclo. Centros adscritos

Estudos de grao

Centro	Título
Facultade de Socioloxía	Grao en Socioloxía pola UDC
Facultade de Ciencias	Grao en Bioloxía pola UDC Grao en Química pola UDC
Facultade de Ciencias da Educación	Grado en Educación Infantil pola UDC Grao en Educación Primaria pola UDC Grao en Educación Social pola UDC Grao en Logopedia pola UDC
Facultade de CC do Deporte e a Educación Física	Grao en CC da Actividade Física e do Deporte pola UDC
Facultade de CC Económicas e Empresariais	Grao en Economía pola UDC Grao en Admón. e Dirección de Empresas pola UDC
EU de Estudos Empresariais	Grao en CC Empresariais pola UDC
Facultade de Dereito	Grao en Dereito pola UDC
EU de Turismo (adscrito- A Coruña)	Grao en Turismo pola UDC
Facultade de CC. da Comunicación	Grao en Comunicación Audiovisual pola UDC
EU de Relación Laborais (adscrito- A Coruña)	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos pola UDC
Facultade de Filoloxía	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios pola UDC Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios pola UDC Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios pola UDC
EU de Arquitectura Técnica	Grao en Enxeñaría de Edificación pola UDC
EU de Enfermaría (adscrito-A Coruña)	Grao en Enfermaría pola UDC
Facultade de Ciencias da Saúde	Grao en Terapia Ocupacional pola UDC
EU de Fisioterapia	Grao en Fisioterapia pola UDC

Cadro 5 Estudos de grao 2009-2010. Campus da Coruña

Centro	Título
EU de Enfermaría e Podoloxía	Grao en Enfermaría pola UDC Grao en Podoloxía pola UDC
EU de Relacións Laborais de Ferrol	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos pola UDC
Facultade de Humanidades	Grao en Humanidades pola UDC Grao en Información e Documentación pola UDC
EU de Deseño Industrial	Grao en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto pola UDC

Cadro 6 Estudos de grao 2009-2010. Campus de Ferrol

Centro	Título
Campus da Coruña	
Facultade de Informática	Grao en Enxeñaría Informática pola UDC
ETS de Arquitectura	Grao en Arquitectura pola UDC
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	Grao en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo pola UDC Grao en Enxeñaría Mariña pola UDC
Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos	Grao en Enxeñaría de Obras Públicas pola UDC Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil pola UDC
Campus de Ferrol	
Escola Universitaria Politécnica / Escola Politécnica Superior	Grao en Enxeñaría Eléctrica pola UDC Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática pola UDC Grao en Enxeñaría Mecánica pola UDC Grao en Enxeñaría das Tecnoloxías Industriais pola UDC Grao en Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque pola UDC Grao en Arquitectura Naval pola UDC

Cadro 7 Títulos de grao que se implantan no curso 2010-2011

Mestrados oficiais

Centro	Mestrado
Facultade de CC. Económicas e Empresariais	+ Banca e Finanzas + Xestión e Políticas Públicas
Facultade de Dereito	+ Dereito: especialidade en Estudos da Unión Europea + Asesoramento Xurídico Empresarial
ETS de Camiños, Canais e Portos	Enxeñaría da Auga
Facultade de Informática	+ Computación (Novo) + Enxeñaría de Sistemas Informáticos
Facultade de Ciencias	+ Química Ambiental e Fundamental + Ciencia e Tecnoloxía Ambiental + Bioloxía Molecular, Celular e Xenética (Novo)
EU de Fisioterapia	+ Xestión e Investigación da Discapacidade e Dependencia + Intervención na Discapacidade e na Dependencia
Facultade de CC. da Saúde	Asistencia e Investigación Sanitaria
Facultade de Socioloxía	Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Media- ción Intercultural
ETS de Náutica e Máquinas	Enxeñaría Marítima
Facultade de Ciencias da Educación	+ Intervención Logopédica na Infancia e na Adolescencia + Innovación, Orientación e Avaliación Educativa (Novo) + Psicoloxía Aplicada (Novo) + Profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas (Novo)
Facultade de Filoloxía	+ Lingua e Usos Profesionais
ETS de Arquitectura	+ Rehabilitación Arquitectónica + Urbanismo: Planos e Proxectos. Do Territorio á Cidade
Escola Politécnica Superior	+ Investigación en tecnoloxías Navais e Oceánicas + Enxeñaría e Tecnoloxía Industrial + Láseres e Espectroscopia Avanzada en Química (Quimiláser) (Novo)

Cadro 8 Oferta de mestrados oficiais en 2009-2010

Centro	Mestrado
Facultade de Informática	+ Enxeñaría Matemática + Técnicas Estatísticas + Tecnoloxías da Información e Comunicacóns en Redes Móviles + Investigación en Tecnoloxías da Información (Novo)
Facultade de Ciencias / EU Politécnica	Física Aplicada
Fac. Ciencias/Ciencias da Saúde/Informática	Neurociencia
Facultade de Ciencias	Acuicultura
Facultade CC. da Saúde	Xerontoloxía
Escola Politécnica Superior	Fotónica e Tecnoloxías do Láser
EU Relacións Laborais-Ferrol	Xestión e Dirección Laboral
EU de Arquitectura Técnica	Dirección Integrada de Proxectos
Facultade de Filoloxía	+ Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega + Lingüística e a súas Aplicacións (Novo)
Facultade de Humanidades	Lóxica e Filosofía da Ciencia
Facultade de Socioloxía	Dirección e Planificación do Turismo

Cadro 9 Mestrados oficiais interuniversitarios en 2009-2010

Doutoramento

Oferta de estudos de doutoramento da Universidade da Coruña para o curso 2009-2010.

Ámbito tecnolóxico

- Arquitectura e Rehabilitación
- Computación
- Dirección Integrada de Proxectos
- Enxeñaría Civil
- Enxeñaría da Auga
- Enxeñaría Industrial
- Investigación en Tecnoloxías da Información (*interuniversitario*)
- Fotónica e Tecnoloxías do Láser (*interuniversitario*)
- Tecnoloxías da Información e as Comunicacions
- Tecnoloxías Navais e Oceánicas
- Láseres e Espectroscopía Avanzada en Química
- Enxeñaría Marítima
- Planos e Proxectos: do Territorio á Cidade

Ámbito das Ciencias Experimentais

- Bioloxía Celular e Molecular
- Ciencia e Tecnoloxía Ambiental
- Química Ambiental e Fundamental

Ámbito de Ciencias da Saúde

- Ciencias Sociosanitarias
- Saúde, Discapacidade e Dependencia
- Ciencias da Saúde

Ámbito xurídico-social

- Competitividade, Innovación e Desenvolvemento: Análise Económica e Empresarial
- Deporte, Educación Física e Ocio Saudable
- Dereito
- Dirección e Planificación de Turismo
- Innovación, Orientación e Avaliación Educativa
- Investigación en Migracións Internacionais
- Psicoloxía da Saúde
- Investigación Psicolóxica en Contextos Educativos

Ámbito de Artes e Humanidades

- Estudos Lingüísticos e Literarios do Galego e do Portugués
- Lingua, Texto e Expresión Artística
- Lingüística e as súas Aplicacións (*interuniversitario*)
- Novas Aproximacións aos Estudos Anglo-Norteamericanos e Irlandeses

Programa	Departamento	
Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	Química Física e Enxeñaría Química I	UDC
Xenética, Bioquímica e Biotecnoloxía	Bioloxía Celular e Molecular	UDC
Química Ambiental e Fundamental	Química Analítica	UDC
A Linguaxe Natural e a Linguaxe Artística na súa Modalidade Literaria e Audiovisual	Filoloxía Española e Latina	UDC
Novas aproximacións aos Estudos Ingleses e Irlandeses	Filoloxía Inglesa	UDC
Láseres e Espectroscopia Avanzada en Química	Enxeñaría Industrial II	Interuniversitario
Neurociencia	Bioloxía Celular e Molecular	Interuniversitario
Lingua e Sociedade da Información: A Lingüística e as súas Aplicacións	Galego-Portugués, Francés e Lingüística	Interuniversitario
Tecnoloxía da Información e Comunicacions en Redes Móviles	Electrónica e Sistemas	Interuniversitario
Estatística e Investigación Operativa	Matemática	Interuniversitario

Cadro 10 **Programas de doutoramento con mención de calidade**

Títulos propios de posgrao

Administración Marítima e Xestión Portuaria

Creación e Comunicación Dixital

Dependencia e Xestión de Servizos Sociais

Dirección e Administración de Empresas (MBA)

Economía e Xestión da Construción

Edición Xornalística

Produción e Xestión Audiovisual

Valoración e Intervención Xerontolóxica e Xeriátrica

Cadro 11 **Oferta de mestrados propios en 2009-2010**

Cursos de especialización

Auditoría de Contas

Dependencia e Xestión de Servizos Sociais

Deseño e Cálculo de Estructuras de Edificación

Dirección de Recursos Humanos en Empresas, en Organizacións e en Institucións

Intervención Familiar

Prevención de Riscos Laborais

Producción Cinematográfica

Producción Televisiva

Técnicas de Avaliación e Intervención Psicoeducativa en Contextos Escolares e Socio-comunitarios

Técnicas de Creación e Comunicación Dixital

Cadro 12 **Oferta de cursos de especialización en 2009-2010**

Cursos de Formación Específica de Posgrao

Actualización e Perfeccionamento en Lingua e Literatura Española

Cooperación Internacional ao Desenvolvemento e Xestión de ONG

Cadro 13 **Oferta de cursos de formación específica de posgrao en 2009-2010**

Universidade Sénior

No curso 2009-2010 incrementouse o número de prazas ofertadas no campus da Coruña, que pasaron a ser 110. Deste xeito, o total de alumnos e alumnas matriculados na Universidade Sénior nos campus da Coruña e de Ferrol foi de 571 persoas.

Na Coruña comezaron a se impartir como novas materias optativas Iniciación á Filosofía e Comunicación e Información Audiovisual. En Ferrol incorporouse Psicoloxía como materia obrigatoria e Iniciación á Filosofía como materia optativa.

Arrancaron este curso as sesións do obradoiro europeo "Our Continent-Our Culture", tanto na Coruña como en Ferrol, con financiamento da Comisión Europea e dentro do Programa de Aprendizaxe Permanente LLP da Unión Europea.

No campus da Coruña continúa o obradoiro europeo "Rosalía de Castro", encadrado no convenio de colaboración, renovado en 2009, co HET Perspectief de Gante, Bélxica.

Un aspecto de grande importancia na actividade da Universidade Sénior ao longo do curso 2009-2010 foi a organización do III Encontro Galego de Programas Universitarios para Persoas Maiores, que se desenvolveu en maio de 2009 na Coruña. Trátase dun encontro que, con carácter anual, organizan os programas universitarios para persoas maiores das tres universidades públicas galegas.

Como en anos anteriores, grazas á colaboración dos centros, varios ex alumnos e ex alumnas da Universidade Sénior puideron asistir como oíntes a materias que se imparten nas facultades de Humanidades, Filoloxía e Socioloxía.

Por último, e no que atinxe ao financiamento externo, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, renovou o convenio coa Universidade Sénior cunha achega de 30.000 euros. Pola súa banda, o Concello de Ferrol renovou e aumentou a súa colaboración cunha achega de 12.000 euros.

